



# SAN VICENTE DE CERPONZÓNS

Club de Montaña O Carroucho  
www.carroucho.org

29 OUTUBRO 2022

Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Próxima Ruta:  
**PEDRAFITA.**  
19 NOVEMBRO 2022

## DATOS BÁSICOS

Comezo: Igrexa de San Vicente  
Remate: Igrexa de San Vicente  
Distancia lineal: 15,3 km.  
Duración aproximada: 5 horas  
Dificultade: Media-Baixa.  
Altura Máxima: 291 m.  
Altura Mínima: 44 m.  
Ascenso total: 344 m  
Descenso total: 344 m

San Vicente de Cerponzóns é unha parroquia do municipio de Pontevedra, na provincia de Pontevedra. Cerponzons pertenceu fai anos ao xa desaparecido municipio de Alba. Sitúase ao norte capitalino e linda con Alba, Verducido e Lérez. O Camiño Portugués a Santiago entra na parroquia pola ponte de San Caetano. Fai falla visitar nesta parroquia a igrexa de San Vicente, un edificio de comezos do século XI con diversas reconstrucións posteriores que fan que non teñan un estilo



definido. Tanto no seu interior como no seu exterior, poden contemplarse varios escudos nobiliarios da familia Osorio-Galos. O templo está situado nun cerro dende o que se divisa unha espléndida panorámica do río Lérez. Tamén conservanse na parroquia tres cruceiros e varios muiños no curso do río Rons, alguns deles aún en funcionamento, ademáis de catro edificios nobres, anteriores ao século XVIII, entre eles a casa rectoral. A festa patronal celébrase no cuarto domingo de xaneiro (San Vicente) y tamén a ol Corpus Christi, cas suas alfombras florais.

Descoñécese o comezo da existencia da parroquia. A primeira testemuña que chega á nosos días é do ano 1019, pero mencionase como algo xa coñecido anteriormente. O mesmo nome latino conservado ao longo dos séculos indica un poboamento continuado e sen rupturas. Pouco mais pode decirse con certeza, sen embargo, o santo ao que está dedicada a parroquia "S.Vicente", permitenos supoñer con algún fundamento que a primeira igrexa edificada na parroquia non puido

ser a actual, en efecto, o culto a San Vicente extendeuse xa na época romana e alcanzou toda a súa plenitude nos periodos suevo e visigodo prosiguindo durante a primeira etapa da reconquista para decaer logo paulatinamente. A persistencia da toponimia latina na gran maioría dos lugares suxiren asimesmo a escasa importancia que debeu ter o movemento repoblador unha vez



concluída a ameaza da invasión musulmana, que nestas terras apenas fíxose notar, neste suposto non será aventurado supoñer a existencia dunha comunidade cristiana co seu lugar de culto xa na época suevo-visigoda, se non e que debamos remontarnos a romana. Pódese angadir en apoio desta hipótese que a existencia da vía romana a través de Cerponzóns debeu facilitar o seu poboamento, é probable que as posesions da principal familia nobre coñecida, xa no século XVI, sexa indicio dunha antiga "vila" romana, que o solar da igrexa sexa contiguo a



con seguridade no século XIV, sen excluír que se pode aceptar situala no século XIII, se damos como data orientativa o ano 1300 non estaremos moi lonxe da realidade. Outro punto destacado e o Monumento ao Canteiro. No interior do forte de O Castro escóndese un gracioso monumento de metro e medio de altura dedicado aos canteiros -escultores de Galicia-, obra de Silvino Silva, que representa e resume a vida dos que se adicaron a este oficio. A obra é unha peza complexa que vai dende o monumento megalítico ata o edificio moderno e pasa polas construcións castreñas e outras simboloxías as que se lle añaden, ata ferramentas propias dun altar para rendir misa o duro traballo destes homes, según o interperato cronista ds cidade. Unha primeira inscrición di: «Canteiro de pico non morre rico. De cotás, quizáis quizáis». O pico e o cotás son dúas ferramentas. O que traballa co pico solía ser contratado. Ca outra o canteiro traballaba pola súa conta e estaba suxeito ó risco de pasar fame. A segunda frase di «Canteiros, vellos, novos e mozos, faladores do verbo nos montes e pobos traballando fino e grande as pedras de Galicia, as casas». A súa tradución serve exclusivamente para honrar a memoria de aqueles que se dedicaban a esta antiga profesión. A escultura situouse, na segunda reforma do recinto, no ano 1980. E xa por último o encoro de Pontillón do Castro, de gravidade e construído en mampostería

granítica, fíxose entre 1943 e 1956. Ten unha altura máxima de 23 m sobre os seus cimentos, con 159 m de lonxitude de coronación. O aliviadoiro, de lámina libre, é de formigón armado, e ten unha capacidade de evacuación de 50 m³/s. O depósito comprende unha superficie de 10,8 hectáreas. Dado que o río Lérez non sempre leva suficiente auga, en 1939 decidiúse ampliar o abastecemento de auga potable para a cidade de Pontevedra, redactando o novo proxecto o inxeniero Rafael Picó. En 2007 inaugurouse o Centro Deportivo de Pontillón do Castro, deseñado por José Ramón Garitaonandía de Vera. En 2010, en colaboración ca Comunidade de Montes de Verducido, inaugurouse o Parque Forestal de Pontillón, con terreos reforestados despois da ola de incendios forestais de 2006 en Galicia. O espazo conta con tres vías para o senderismo (la de la Presa, la de Castro y la de Outeiro) e un rocódromo.

estas posesions, reforza esta teoría máis todavía si se comproba que esta familia exerceu o patronato sobre esta parroquia de Cerponzons. Xa se indica a existencia dunha igrexa no ano 1000, é evidente que as partes máis antigas do templo actual son posteriores a esa data, polo que non estamos ante a primeira igrexa de S.Vicente aínda que é lícito pensar que se aproveitaron os seus materiais na nova edificación. A construción actual pode datarse

